



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN
NÚM. EXP. PCO.001.2019.00060

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADXUDICA O ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA E POR PREZO UNITARIO DE MATERIAL HIXIÉNICO CON DESTINO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E AOS CONCELLOS OU ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA ADHERIDOS Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2019.00060, LOTE 2: TISSUES SECAMANOS

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 19/09/2019 en relación co expediente **PCO.001.2019.00060**, acordou admitir na licitación as seguintes ofertas:

| | LICITADOR | LOTES AOS QUE OPTA |
|---|---|--------------------|
| 1 | TESIS GALICIA, S.L. | 2-4-5 |
| 2 | DAHI JALCON, S.L. | 1-3-4-5 |
| 3 | DIS RIVAS, S.L. | 1-2-4-5 |
| 4 | CELULOSAS VASCAS, S.L. | 2 |
| 5 | IRAGO, S.A. | 1-2-3-4-5 |
| 6 | SERVICIO DE CONTENEDORES HIGIÉNICOS SAU | 1 |

2º) A Mesa de Contratación na súa sesión de data 17/10/2019 en relación co expediente PCO.001.2019.00060, Lote 2, propuxo a adxudicación a DIS RIVAS, S.L., que presentou a oferta máis vantaxosa para a contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación do acordo marco para a subministración sucesiva e por prezo unitario de material hixiénico con destino á Deputación provincial da Coruña e aos concellos ou entidades locais da provincia adheridos á Central de Contratación, código expediente PCO.001.2019.00060, lote 2: TISSUES SECAMANOS.

3º) Mediante Resolución da Presidencia nº 36728 de data 21/10/2019 requiriuse DIS RIVAS S.L. para que presentase a documentación esixida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

A citada entidade presentou a documentación requirida.

RESOLVO:

1º) Adxudicar mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, suxeito a regulación harmonizada, o acordo marco para a subministración sucesiva e por prezo unitario de material hixiénico con destino á Deputación provincial da Coruña e aos concellos ou entidades locais da provincia adheridos á Central de Contratación, código expediente PCO.001.2019.00060, **lote 2: TISSUES SECAMANOS**, á empresa **DIS RIVAS S.L.**, con domicilio no Polígono Industrial de Seixiños, bloque 3, nave 15; 36312 Vigo (Pontevedra) e NIF B36724128, nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

- 1.1.1. Tipo de contrato: subministración
1.1.2. Procedemento: aberto con múltiples criterios

1.2. Prazo de vixencia do acordo marco: Un ano dende o día seguinte á data de formalización do acordo marco en documento administrativo, prorrogable até un máximo dun ano máis.

No entanto, no momento que o importe do conxunto das subministracións adxudicadas durante a vixencia do acordo marco alcance a contía de 220.000,00 €, excluído o IVE, entenderase extinguido o acordo marco, aínda que non finalizara o período de vixencia.

1.3. Prazo de entrega dos bens específicos: Está previsto que se realicen catro entregas parciais ao longo do ano, unha en cada trimestre a partir da formalización do contrato, correspondentes ao 25% do contrato; no entanto, a Deputación, en función das súas necesidades, poderá modificar o ritmo de entrega previsto.

O prazo de entrega dos bens é de cinco días hábiles e computarase:

Para a primeira entrega: desde o seguinte á formalización do contrato en documento administrativo.

Para as entregas sucesivas: nos cinco primeiros días hábiles dos sucesivos trimestres; no caso de que a Deputación modifícase o ritmo de entrega previsto, o prazo de entrega computarase desde o seguinte á comunicación do pedido pola Deputación.

1.4. Tipoloxía do ben adxudicado:

Lote 2: Tissues secamanos, 2 capas, 22 x 42 cm, 100 pura celulosa

Unidade de subministración: tissú / toalla

Presentación: paquete de 100 unidades; caixa de 30 paquetes

1.5. Prezos unitarios:

| | Unidade | paquete | caixa |
|-----------------------------|------------|---------|-------|
| Prezo unitario sen IVE | 0,0066 € | 0,66 | 19,80 |
| IVE | 0,001388 € | 0,14 | 4,16 |
| Prezo unitario IVE incluído | 0,008 € | 0,80 | 23,96 |

Os prezos da oferta incluírán calquera custo relativo á almacenaxe, transporte, distribución, entrega e instalación dos bens adxudicados

Por tratarse dun acordo marco, a Central de Contratación, en función das súas necesidades, poderá adxudicar ás empresas que resulten adxudicatarias do mesmo, dentro do período de vixencia, a subministración dos bens específicos que precise, relativos ao tipo de ben adxudicado aos prezos e nas condicións ofertadas polos adxudicatarios deste acordo marco.

1.6. De conformidade co disposto no artigo 151 da LCSP, indícase que:

Resultaron admitidas para participar na licitación as seguintes ofertas

| licitador | |
|------------------------|-----------|
| TESIS GALICIA, S.L. | 2-4-5 |
| DIS RIVAS, S.L. | 1-2-4-5 |
| CELULOSAS VASCAS, S.L. | 2 |
| IRAGO, S.A. | 1-2-3-4-5 |

A empresa DIS RIVAS, S.L., presentou a oferta con mellor relación calidade-prezo e, en virtude desta resolución, é a adxudicataria deste contrato. As características e vantaxes da súa proposición que determinaron que fose seleccionada a súa oferta foron as seguintes:

Na valoración dos criterios suxeitos a xuízo de valor obtivo a máxima puntuación, de 15,00 puntos.

Na valoración dos criterios avaliados de forma automática obtivo a máxima puntuación, de 85,00 puntos.

2º) Requerir ao adxudicatario para que concorra a formalizar o acordo marco o día que para o efecto se lle sinala, previo depósito na Caixa da Corporación das taxas por formalización de contratos administrativos por importe de 30,00 €.

Ao tratarse dun contrato susceptible de recurso especial conforme o artigo 44 LCSP, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores, de conformidade co disposto no art. 153.3 LCSP.

3º) Adxudicar á empresa **DIS RIVAS S.L.**, NIF B36724128, o seguinte material destinado á Deputación Provincial da Coruña, condicionado á formalización do acordo marco:

3.1. Subministracións derivadas do acordo marco:

Se ben o prego establecía unha previsión de 537.600 unidades, tendo en conta que o produto preséntase en paquetes de 100 unidades e caixas de 30 paquetes, de conformidade co establecido nas cláusulas 1 e 2, a subministración inicial será a seguinte:

| Lote | Destino | Uds | caixas | Prezo Ud. sen IVE | Prezo total sen IVE | Prezo unitario caixa sen IVE | Prezo total sen IVE |
|------|-------------------------|---------|--------|-------------------|---------------------|------------------------------|---------------------|
| 2 | Palacio Provincial | 336.000 | 112 | 0,006600 € | 2.217,60 | 19,80 | 2.217,60 |
| | Edificio Administrativo | 135.000 | 45 | 0,006600 € | 891,00 | 19,80 | 891,00 |
| | Inspección Tributaria | 24.000 | 8 | 0,006600 € | 158,40 | 19,80 | 158,40 |
| | Otras Dependencias | 45.000 | 15 | 0,006600 € | 297,00 | 19,80 | 297,00 |
| | | 540.000 | 180 | BASE | 3.564,00 | BASE | 3.564,00 |
| | | | | IVE | 748,44 | IVE | 748,44 |
| | | | | TOTAL | 4.312,44 | TOTAL | 4.312,44 |

3.2 Financiamento:

| Lote | partida | A nº op. | orçamento | prezo | economía |
|------|------------------|--------------|-----------|----------|----------|
| 2 | 0112/92090/22110 | 220190035156 | 12.364,80 | 4.312,44 | 8.052,36 |

3.3 Formalización: De conformidade co artigo 36.3 LCSP, os contratos derivados do acordo marco perfeccionanse coa adxudicación, polo que non requiren formalización.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá optar por interpoñer, con carácter potestativo, o recurso especial en materia de contratación a que se refire o artigo 44 da LCSP, ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado, de conformidade co previsto no artigo 50 do citado texto legal. No seu caso, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.